

## Proxecto de Decreto do \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026, polo que se crea e regula o Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

A Constitución, no seu artigo 132.2, establece que son bens de dominio público estatal os que determine a lei e, en todo caso, a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e da plataforma continental. Así mesmo, o artigo 149.1.23.<sup>a</sup> establece que o Estado ten competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do medio ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección.

Pola súa banda, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 27.tres que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.

Por iso, mediante a Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, regulouse a planificación e uso da franxa costeira galega, buscando un equilibrio entre a protección ambiental e o desenvolvemento socioeconómico, regulando o réxime de intervención administrativa para levar a cabo os usos e actividades que se declaran compatibles cos obxectivos de ordenación nas tres áreas en que se divide o litoral (protección ambiental, reordenación e mellora ambiental e paisaxística), para os que será preciso obter as correspondentes autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre.

Esta lei, no seu artigo 48.5, prevé que o Consello da Xunta aprobe a creación do Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre, no que se inscribirán de oficio os títulos e as súas modificacións, así como, no seu caso, os seus pregos de condicións. O devandito rexistro terá carácter público e será accesible e susceptible de emitir certificación sobre o seu contido.

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Esa estrutura foi desenvolvida polo Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia. Esta última norma fixou o nivel organizativo dos órganos superiores e de dirección da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, así como a relación de entidades do sector público que a integran. Correspóndelle á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de acordo co establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, entre outras, as competencias e funcións en materia de ordenación do litoral, a través da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático.

Así pois, o Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ven configurado normativamente como un rexistro público de natureza administrativa, que, segundo o mandato da Lei 4/2023, do 6 de xullo, cómpre crear e regular o seu funcionamento.

Na tramitación deste decreto seguiuuse o procedemento establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O decreto estrutúrase en tres capítulos: o capítulo I recolle as disposicións xerais: obxecto, competencia e ámbito de aplicación; o capítulo II establece a estrutura e o contido do Rexistro; e o capítulo III recolle o seu carácter público e o procedemento para a anotación de datos no Rexistro.

O decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no artigo 37. a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Medio Ambiente de Medio Ambiente e Cambio Climático, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día ...de ... de dous mil vinte seis,

DISPOÑO:

## **CAPÍTULO I**

### **Disposicións xerais**

#### *Artigo 1. Obxecto*

Este decreto ten por obxecto crear e regular a estrutura, o funcionamento e o contido do Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, previsto no artigo 48.5 Lei 4/2023, do 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

#### *Artigo 2. Competencia*

Corresponde á consellería competente en materia de medio ambiente, a través da dirección xeral competente en materia de litoral, a xestión do Rexistro.

#### *Artigo 3. Finalidades do Rexistro*

O Rexistro cumpre as seguintes finalidades:

a) Integrar nun único rexistro público todas as autorizacións e concesións outorgadas no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Dispoñer da información básica relativa ás actividades de interese público, económicas e estratéxicas e a súa distribución territorial que sexa necesaria para o exercicio das competencias atribuídas ás administracións públicas en materia do litoral.

c) Subministrar aos servizos competentes da Comunidade Autónoma de Galicia, se fora o caso, os datos precisos para elaborar as estatísticas as cales se refire a Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia.

d) Servir de instrumento de coordinación das actuacións das distintas consellerías en materia do litoral.

#### *Artigo 4. Ámbito de aplicación*

Serán obxecto de inscrición no Rexistro as Autorizacións e Concesións outorgadas no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a partir da entrada en vigor deste. Así mesmo, inscribírase calquera modificación do contido dos datos dos ditos títulos habilitantes.

## **CAPÍTULO II**

### **Estrutura e contido do Rexistro**

#### *Artigo 5. Estrutura do Rexistro*

1. O Rexistro estará dividido nas seguintes seccións:

Sección I: Autorizacións no dominio público marítimo-terrestre

1ª) Subsección: A Coruña.

2ª) Subsección: Lugo.

3ª) Subsección: Pontevedra.

Sección II: Concesións no dominio público marítimo-terrestre

1ª) Subsección: A Coruña.

2ª) Subsección: Lugo.

3ª) Subsección: Pontevedra.

2. Para determinar a sección ou, de ser o caso, subsección en que se inscribirán os distintos títulos, deberán terse en conta as previsións legais respecto do procedementos que resulten de aplicación, así como o ámbito xeográfico maioritario da superficie ocupada.

#### *Artigo 6. Contido do Rexistro*

1. Para cada título, incluíranse os seguintes datos:

a) Identificación do expediente.

b) Concello.

c) Titular

d) Denominación do título

e) Superficie ocupada

f) Ubicación

g) Data de resolución

h) Prazo

2. Así mesmo, no Rexistro poderase consignar calquera outra información relativa aos citados títulos que se considere de utilidade.

### **CAPÍTULO III**

#### **Procedemento de inscrición**

#### *Artigo 7. Carácter público e inscrición no Rexistro*

1. O Rexistro terá carácter público. A consellería competente en materia de medio ambiente, a través da dirección xeral con competencias en materia do litoral, facilitará o acceso ao Rexistro por medios telemáticos.

Para ese efecto, a consulta dos datos públicos estará dispoñible na páxina web da dita consellería, así como no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia.

2. As inscricións serán realizadas de oficio pola dirección xeral con competencias en materia do litoral.

#### *Artigo 8. Información dixitalizada e certificacións*

1. Toda a documentación que se remita será enviada a través de medios electrónicos, de conformidade coas disposicións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As persoas titulares poderán obter as oportunas certificacións sobre o seu contido, sendo as mesmas medio de proba da existencia e situación do correspondente título administrativo, sen prexuízo da súa inscrición no Rexistro da Propiedade para os efectos previstos na Lei Hipotecaria. Os cambios de titularidade e de características que poidan producirse deberán reflectirse, así mesmo, no asento correspondente.

3. As solicitudes de información ambiental que se realicen sobre o seu contido rexeranse polo disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

#### *Artigo 9. Obriga de subministración de información e coordinación con outros rexistros*

1. Todas as entidades autonómicas así como as persoas titulares de autorizacións e concesións están obrigadas a proporcionar á dirección xeral con competencias en materia do litoral toda a información e documentación requirida dentro dos procedementos de inscrición de datos no Rexistro.

2. A Administración autonómica garantirá a coordinación do Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia con outros rexistros administrativos, no marco da normativa de accesibilidade e interoperabilidade dos rexistros e sistemas de información.

Disposición adicional primeira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais dos titulares que se recollan neste rexistro serán tratados na súa condición de responsable pola dirección xeral con competencias en materia do litoral coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do mesmo.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Disposición adicional segunda. *Soporte técnico*

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia proporcionará o soporte técnico que resulte necesario para o mantemento e o tratamento dos datos que deban constar no Rexistro de autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Habíltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de medio ambiente para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

O presente decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, \_\_ de \_\_\_\_ de 2026

Alfonso Rueda Valenzuela  
Presidente

Ángeles Vázquez Mejuto  
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático